



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Adquisición e ensino do inglés	Código	613505113	
Titulación	Mestrado Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións (2019)			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	Inglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Floyd Moore, Alan	Correo electrónico	alan.floyd@udc.es	
Profesorado	Floyd Moore, Alan	Correo electrónico	alan.floyd@udc.es	
Web	www.imaes.eu/?page_id=31			
Descrición xeral	Toda la información relativa tanto a esta materia como al resto del Máster la pueden encontrar en la dirección Web arriba señalada.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A1	E01 Coñecemento dos principais modelos de investigación lingüística.
A2	E02. Coñecemento dos principais recursos e ferramentas de investigación lingüística.
A3	E03. Capacidade de reflexionar sobre os factores que condicionan a aprendizaxe e a adquisición do inglés como lingua estranxeira.
A4	E04. Coñecemento dos estudos de cognición e procesamento dentro da investigación na lingüística inglesa.
A5	E05. Coñecemento dos estudos do inglés con fins específicos e as súas aplicaciónns a outras disciplinas.
A6	E06. Coñecemento dos estudos de variación e cambio lingüístico no ámbito anglófono.
A7	E07. Capacidade para analizar distintos tipos de discursos e xéneros discursivos orais e/ou escritos en lingua inglesa.
A8	E08. Coñecemento do papel do inglés nos distintos medios de comunicación.
A9	E09. Coñecemento dos principais modelos e recursos de investigación literaria/cultural no ámbito anglófono
A10	E10. Capacidade de utilizar as técnicas empregadas para a análise de textos artísticos e culturais no ámbito anglófono
A11	E11. Capacidade para identificar e analizar as características máis relevantes da cultura e das institucións do ámbito anglófono a través de diversos tipos de textos pertencentes a diferentes épocas históricas.
A12	E12. Capacidade para comprender diferentes achegas teóricas e críticas así como a súa aplicación á análise de textos literarios e culturais no ámbito anglófono.
A13	E13. Coñecemento das relacións entre as principais manifestacións artísticas e literarias no ámbito anglófono.
A14	E14. Coñecer e aplicar técnicas e métodos de análise lingüística cuantitativos
A15	E15. Coñecer entornas laborais e profesionais onde o inglés ocupa un lugar relevante como medio e vehículo de expresión.
B1	CB6. Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoito nun contexto de investigación.
B2	CB7 Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
B3	CB8. Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
B4	CB9. Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
B5	CB10. Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.
B6	CX1. Capacidade de afondar naqueles conceptos, principios, teorías ou modelos relacionados cos distintos campos dos Estudos Ingleses, así como de coñecer a metodoloxía necesaria para a resolución de problemas propios de devandita área de estudo
B7	CX2. Capacidade para aplicar os coñecementos adquiridos na contorna multidisciplinar e multifacética dos Estudos Ingleses



B8	CX3. Capacidade para utilizar de forma eficiente as novas tecnoloxías da información e da comunicación no ámbito dos Estudos Ingleses.
B9	CX4. Capacidade para presentar en público experiencias, ideas ou informes, así como emitir xuízos en función de criterios, de normas externas ou de reflexións persoais para o que será necesario alcanzar un dominio suficiente da linguaxe académica e científica tanto na súa vertente escrita como oral.
B10	CX5. Habilidade para investigar e manexar novos coñecementos e información no contexto dos Estudos Ingleses
B11	CX6. Capacidade para adquirir un espírito crítico que leve aos estudantes a considerar a pertinencia das investigacións existentes nas áreas de estudo que conforman os Estudos Ingleses, así como das súas propias.
B12	CX7. Habilidades de consolidación e desenvolvemento da competencia lingüística (nivel C2) no uso falado e escrito da lingua inglesa.
B13	CX8. Autonomía progresiva na aprendizaxe, procura propias de recursos e información, accedendo para iso a fontes bibliográficas e documentais sobre os distintos ámbitos que conforman os Estudos Ingleses.
B14	CX9. Capacidade para realizar traballos de investigación de carácter académico nos distintos ámbitos dos Estudos Ingleses
B15	CX10. Capacidade para presentar e defender un traballo de investigación utilizando a terminoloxía e os recursos adecuados e apropiados dentro do campo obxecto de estudo.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Potenciación da capacidade para traballar en contornas cooperativas, pluridisciplinares e plurilingües.	AI1 AI2 AI3 AI4 AI14	BI1 BI2 BI3 BI4 BI7 BI8 BI9 BI10 BI11	
Xestión do tempo de traballo e a organización dos recursos dispoñibles, establecendo prioridades, e identificando e corrixendo erros.	AI2 AI5 AI7 AI8 AI9 AI11 AI12 AI13	BI3 BI5 BI6 BI7 BI13 BI14	
Utilización de recursos bibliográficos, incluíndo o acceso por Internet.	AI2 AI15	BI8 BI10 BI13 BI14	
Desenvolvemento das catro destrezas, con especial atención ás destrezas relacionadas coas presentacións orais.	AI6 AI10	BI4 BI9 BI12 BI15	

Contidos	
Temas	Subtemas



<p>1. A Lingüística Aplicada e o ensino do inglés</p> <p>Descrición:</p> <p>Introdución ao curso. Prestarase atención a definicións de conceptos craves, e farase un breve repaso das principais disciplinas que se poden encadrar dentro da mesma.</p>	<p>1.1. Introdución: O aprendizaxe e a adquisición dunha segunda lingua. Definicións.</p> <p>1.2. Repaso da historia do estudo da adquisición dunha segunda lingua.</p> <p>Teorías: Behaviorism, Universal Grammar, Krashen and the Monitoring Hypothesis, Input and Interaction, Social models, Cognitivism, Competence, Performance and Communicative Competence, Interlanguage, CLIL.</p> <p>Temas: A motivación; etapas do aprendizaxe; os erros e a súa corrección; as clases sociais e os xéneros; a idade (período crítico) e o desenvolvemento das competencias.</p>
<p>2. Cuestións de relevancia actual no Ensino do Inglés como Lingua Estranxeira.</p> <p>Descrición</p> <p>Esta unidade servirá para familiarizar ao alumnado sobre as últimas tendencias no ensino do inglés con especial referencia á aproximación comunicativa. A continuación, presentaranse as achegas máis importantes do Marco Común Europeo con especial énfase nos distintos descritores de referencia para cada unha das destrezas. Presentarase o Portfolio Europeo das Linguas.</p>	<p>2.1. Novas tendencias e aproximacións ao ensino do inglés.</p> <p>2.2. A adquisición da primeira e da segunda lingua: factores e teorías.</p> <p>2.3. O Marco Común Europeo para o ensino das linguas estranxeiras.</p> <p>2.4. O Portfolio Europeo das Linguas (PEL)</p>
<p>3. A Investigación na Adquisición e Ensino dunha Segunda Lingua.</p> <p>Descrición</p> <p>Daranse pautas para realizar investigación de carácter empírico no campo da adquisición e aprendizaxe do inglés. Enfoque especial no uso de bibliografía especializada, instrumentos de investigación e análise de datos.</p>	<p>3.1. Introdución.</p> <p>3.2. A planificación dun proxecto de investigación.</p> <p>3.3. Temas: A motivación; etapas de aprendizaxe; Interlanguage; os erros e a súa corrección; As clases sociais e os xéneros; a idade (período crítico) e o desenvolvemento das competencias. Factores sociais na adquisición dunha segunda lingua; os xéneros; Métodos de ensino (CLIL)</p> <p>3.4. A estrutura, deseño e organización dun proxecto de investigación desta especialidade.</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	A2 A4 A5 A6 A9 B10 B11	0	20	20
Aprendizaxe colaborativa	A8 A10 A13 B1 B2 B3 B4 B6 B7 B8 B9	0	15	15
Presentación oral	B2 B4 B5 B7 B8 B9 B12 B13 B14 B15	1	10	11
Investigación (Proxecto de investigación)	A1 A2 A3 A7 A9 A11 A12 A14 A15 B1 B3 B5 B6 B13 B14	0	22	22
Seminario	A3 A4 A9 A14 B13 B15	6	0	6
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas	Esixírase a lectura de artigos e capítulos que traten dos temas do curso.



Aprendizaxe colaborativa	Os alumnos realizarán actividades en clase, en parellas e en grupos.
Presentación oral	Os alumnos presentarán nuns 10 ou 15 minutos os resultados do seu proxecto de investigación.
Investigación (Proxecto de investigación)	Os alumnos realizarán un traballo de investigación dunhas 8 a 10 páxinas. Explicarase este traballo con máis detalle en clase ou a través da páxina correspondente da plataforma Moodle.
Seminario	Interacción cos compañeiros e co profesor para a realización de tarefas na aula.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	<p>O seminario consiste en intercambio de coñecementos adquiridos durante a investigación individual ou en grupo na aula.</p> <p>O foro virtual consiste na investigación e intercambio de opinións de forma virtual.</p> <p>O proxecto de investigación acerca da adquisición e ensino do inglés realizarase durante o curso de forma individual ou en grupo.</p> <p>A presentación oral levará a cabo en clase e consiste en presentar os resultados da lectura e do estudo individual ou en grupo realizado polos alumnos.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Investigación (Proxecto de investigación)	A1 A2 A3 A7 A9 A11 A12 A14 A15 B1 B3 B5 B6 B13 B14	Realización dun traballo de investigación dunhas 12 páxinas de duración.	40
Presentación oral	B2 B4 B5 B7 B8 B9 B12 B13 B14 B15	Presentación oral na aula, baseada no traballo de investigación e/ou lectura.	20
Aprendizaxe colaborativa	A8 A10 A13 B1 B2 B3 B4 B6 B7 B8 B9	Participación nas actividades de clase	10
Seminario	A3 A4 A9 A14 B13 B15	Traballos durante o curso, baseadas nas sesións maxistráis e a lectura propia. Lectura e comentario dun primeiro texto (10) Segunda lectura e comentario dun texto (10) Presentación / Ensino dun elemento de léxico / sintaxe do inglés en clase(10).	30

Observacións avaliación

<p><p class="MsoNormal">Dado o carácter semi-presencial do título, a asistencia é obrigatoria, salvo dispensa solicitada en tempo e forma e concedida pola Comisión Académica Universitaria do título, e sempre respetando as normativas de asistencia a clase das tres universidades participantes no título, así como os sistemas de avaliación que figuran expresamente nas guías docentes das diferentes materias, e sen prexuízo das consecuencias que poida ter para a súa avaliación final a ausencia a determinadas sesións presenciais.</p><p class="MsoNormal">Quen teña concedida a dispensa académica, e como establece a Normativa de permanencia da universidade, será avaliado seguindo os criterios aplicables á oportunidade de xullo.</p><p class="MsoNormal">Quen non leve a cabo o traballo tutelado, ou non teña realizado traballo igual ou superior ao 50% do resto das categorías de avaliación, acadará a cualificación de Non Presentado.</p><p class="MsoNormal">Quen non aprobe na primeira oportunidade terá á posibilidade da oportunidade de xullo, na que cada estudante terá que demostrar ter acadadas as competencias da materia mediante dous tipos de avaliación: un traballo tutelado do mesmo valor porcentual e natureza que na primeira oportunidade, máis os exercicios convidados que poidan suplir o resto das actividades.</p></p>



Fontes de información

Bibliografía básica

- Ellis, Rod (2003). The Study of Second Language Acquisition. Oxford University Press, Oxford
 - Lightbown, Patsy M. e Spada, Nina (1993). How Languages are Learned. Oxford University Press, Oxford
 - Palacios Martínez, Ignacio M., Rosa Alonso, Mario Cal, Paula López Rúa e José Ramón Varela (2007). Diccionario de enseñanza y aprendizaje de lenguas. En Clave, Madrid
 - Krashen, S. D. (1982). Second language acquisition and second language learning. . Oxford: Pergamon press
 - Benati, Alessandro G. (2016). Second Language Acquisition: a Theoretical Introduction to Real World Applications. London: Bloomsbury
 - De Bot, Kees (2005). Second language acquisition : an advanced resource book. London, Routledge
 - (). COMMON EUROPEAN FRAMEWORK OF REFERENCE FOR LANGUAGES: LEARNING, TEACHING, ASSESSMENT..
 - Saville-Troike, Muriel (2007). Introducing Second Language Acquisition Cambridge University Press. LG0- 5053
 - Saville-Troike, Muriel and Karen Barto (2017). Introducing Second Language Acquisition Cambridge University Press . LG0- 5053a
 - (). EUROPEAN LANGUAGE PORTFOLIO: A GUIDE FOR TEACHERS AND TEACHER TRAINERS.
 - Gass, S.,& Selinker, L. (2001). Second language acquisition (2nd ed.). Mahwah, NJ: Lawrence Erlbaum Associates.
- As fontes mencionadas son de natureza xeral. Unha bibliografía máis específica de todos os temas será proporcionada na plataforma Moodle e en clase. Os seguintes libros e fontes de información son de interese tamén: n
- Canale, Michael and Merrill Swain (1980) ?Theoretical Bases of Communicative Approaches to Second Language Teaching and Testing? Applied Linguistics Vol 1
- p1.<http://ibatefl.com/wp-content/uploads/2012/08/CLT-Canale-Swain.pdf> Chesterfield, R. & K. Chesterfield (1985). ?Natural order in children?s use of second language learning strategies?. Applied Linguistics 6.1, 45?59.h London,
- Longman:<https://docs.google.com/file/d/0BwEPK1BhtArmMmRiYmJIMDEtOTUxNC00OWU0LTgyMDMtNWFmMDI5NjdkNDJi/edit?pli=1>Honey, John (1997) Language is Power London, Faber and Faber Littlewood, William (1986) Communicative Language Teaching ? An Introduction Cambridge University Press LG2 - 1225n Pérez-Vidal, Carmen (ed) (2014) Language acquisition in study abroad and formal instruction contexts Amsterdam, John Benjamins (LG0-5831)n Vanpatten, Bill and James F. Lee (1990) Second language acquisition / foreign language learning Clevedon, Multilingual Matters (LG0-299).

Bibliografía complementaria

- Brown, H. Douglas (1994). Principles of Language Learning and Teaching. Prentice Hall Regents, Englewood Cliffs, N. J
 - Fernández Pérez, Milagros (ed.), (1996). Avances en Lingüística Aplicada. Servizo de Publicacións da Universidade, Santiago
 - Muñoz, Carme (ed.), (2000). Segundas linguas. Adquisición en el aula. Ariel, Barcelona
 - Vez Jeremías, José Manuel (2000). Fundamentos lingüísticos en la enseñanza de lenguas extranjeras. Ariel, Barcelona
- As fontes mencionadas son de natureza xeral. Unha bibliografía máis específica de todos os temas será proporcionada na plataforma Moodle e en clase.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías